



**Ming Di** é o pseudónimo literario da poeta e tradutora chinesa Mindy Zhang, cofundadora e editora de *Poetry East West*, unha revista bilingüe en mandarín e inglés publicada entre Pequín e Los Angeles, onde na actualidade divide o seu tempo. Autora de seis libros de poesía saídos na China e Taiwán e un -en tradución ao inglés- nos Estados Unidos, é igualmente editora da antoloxía *New Cathay: Contemporary Chinese Poetry* (2013). Gran divulgadora e promotora literaria especializada nos intercambios entre os sistemas chinés e americano, tamén traduce poesía e ensaio do inglés para o chinés, e publicou tres poemarios en tradución.

Ming Di naceu na cidade de Wuhan -no interior da China- e emigrou aos EE.UU. para completar estudos de posgrao na Universidade de Boston, antes de mudarse a California. Licenciada en Inglés cun Master en Lingüísticas, ela escribe dende as marxes das linguas e as identidades culturais e, dende esas marxes, experimenta con formas e temas. Recibiu premios literarios para escritores da diáspora nos EE.UU., coma o Premio Literario Sino-China ou o Premio Quinta Avenida, entre outros. O seu traballo tamén ten sido publicado nas principais antoloxías en China, mentres que en EE.UU., recibiu becas e subsidios por parte da Fundación Laurie Okuma Memorial, da Fundación para a Poesía e da Fundación Henry Luce en 2013. Como poeta ten sido convidada a festivais internacionais de poesía en diversos países, entre eles Xapón, India, Sudáfrica, Colombia, Macedonia, Suecia, Alemaña, así como China e os Estados Unidos.

### LÚA VERMELLA, LÚA AZUL

*Xa pasei a idade de posar, así que me deixo levar  
e arredor de ti me movo. Calquera ángulo ha de levar*

*a unha percepción descoñecida, a atracción e o seu misterio.  
Máis chea ou minguante, ti dásme forma, agachada*

*nun reflexo do espello— o poder entre nós é contradictorio.  
Ti cedes ante min de cando en vez,*

*as nosas habituais posturas tórnanas fervenzas de Escher,  
o noso encontro vólvese o primeiro amor— unha rodiña de limón*

*caendo dentro dun vaso. Non o levantas—  
non me ordenas que caia nin me atrapas nel,*

*senón que me das ás e deixas que me coe nesta gaiola de terra.  
Cada noite me converto nunha nova desposada, unha lúa  
acabada de descubrir]*

*mira como me enches e vés cada mes. Toda esta vida que gasto  
xira que xira ó teu redor, facéndolle o amor a amarte.*





(MING  
DI)

Luns **19** de maio  
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |





**Alfonso Pexegueiro** (1948, Angoares - Pontevedra) foi un dos creadores do grupo poético "Rompente" aló polo 1975, e cofundador da Asociación de Escritores en Lingua Galega cinco anos máis tarde, exercendo como Secretario Xeral ata 1985 e coordinando –como tal– dende congresos ata publicacións especializadas. Como poeta debutou en 1976 con *Seraogna*, ao que seguiu, dous anos máis tarde, *Mar e naufraxio*, Premio da Crítica Galicia. Máis tarde viñeron *Círculos de auga* (1979), *Relatos pra salferir* (1981), *O pabellón das hortensias azuis* (1983) e *A illa das mulleres loucas*, que acadou en 1984 unha edición bilingüe catalán-galego, outra castelán-galego en 1986, e outra acompañada dun CD en 2004. En 1991 viu a luz *Desatinos dun maldito*, e *El lago de las garzas azules* fíxoo primeiro en castelán en 1994 e máis tarde en versión orixinal e ilustrada por Xosé Freixanes: *O lago das garzas azuis* (2005). En 1995 publicárase *¿Serán os cisnes que volven?*, en 1998 *Hipatia* e, no 2000, *Blasfemias de silencio*. Finalmente, *Dados blancos* editouse en Madrid en 2004.

Tras década e media vivindo en Barcelona, onde comezara a experimentar coa manifestación escénica da poesía, dende o ano 2000 volve residir no sur de Galicia. Continúa a explorar a vía experimental que mestura verso e música sobre os escenarios, como demostrou ao longo de diversos proxectos. É o caso do que se baseou en poemas de *A illa das mulleres loucas*, interpretado canda as actrices María Caparrini e Vanesa Sotelo e os músicos Anxo Pintos e Quico Comesaña (membros de Berrogüetto). Así mesmo, en 2009 Pexegueiro puido mostrar o seu traballo en Pequín, convidado polo Instituto Cervantes.

#### POR QUE A HISTORIA DA MULLER FÉRTIL?

*De Nena gustábanme os homes, Chal*

E o ollo do tigre era grande e devorábame.  
O ollo do tigre.  
E eu fíxenme garza, pluma.  
E voei sobre o ollo do tigre que era grande.  
E me devoraba.

Así a Infancia e o Río transcorren calados  
ata as Rochas.

*De Nena, Chal...*

Por que a Historia da Muller Fértil?

Agora o meu corpo mailo horror camiñan xuntos.  
É toda a Historia do Mundo.  
E é o ollo do Neno o que me mira!



## (ALFONSO PEXEGUEIRO)

Luns **19** de maio  
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| [agora@coruna.es](mailto:agora@coruna.es) | [www.centroagora.es](http://www.centroagora.es) |

